

PROXECTO “A VOLTA AO MUNDO EN 160 DÍAS”**TAREFA 2º TRIMESTRE****TAREFA INTEGRADA, TÍTULO:** “PEQUEN@S COCIÑEIR@S”**NIVEL e ETAPA:** 6º Educ. Infantil**ÁREA (S) /MATERIA(S):** Globalizada**COMPETENCIAS CLAVE:** CCA, CCL, TICD, CM, CSC, CAA, AIP,CCIMF**MESTRES/AS:** Noa Piedrahita Abril e Yolanda López Paz (ano 2)**TEMPORALIZACIÓN:** 2ª quincena de febreiro

ACTIVIDADE 1: asamblea de toma de contacto co tema, tratando aspectos coma o formato do texto dunha receita, apartados que debe incluír, etc.

ACTIVIDADE 4: realización da compra: confección da listaxe (incluídos pictogramas) e realización da compra físicamente, localizando os produtos nos andeis, pedindo ao carnicero por cantidade, solicitando axuda aos empregados, etc.

ACTIVIDADE 2: busca de información en diferentes soportes: libros, internet, preguntas na casa, etc

ACTIVIDADE 5: elaboración da receita, inclúe preparación das ferramentas, pelado e picado dos ingredientes, peso e calculo de cantidades, emprego de utensilios necesarios, proba de distintos alimentos, recollida e limpeza do espazo de traballo

ACTIVIDADE 3: traballo coa información: selección e rexistro. Confección da receita, elaboración da listaxe da compra, busca de ferramentas necesarias...

EXERCICIOS:

Chuvia de ideas sobre receitas e alimentos
Visionado de diferentes vídeos e libros de receitas
Escritura de palabras clave : ingredientes, pasos...
Visualización vídeos explicaivos e coloquio
Busca de información na rede usando palabras clave
Xogo con pictogramas “cada alimento na súa tenda”
Escritura de listado de compra
Experimentación mercando e manipulando alimentos
Xogo na pantalla multitáctil coa App “Toca Kitchen 2”
Xogo que pesa máis e uso da báscula
Elaboración de menús con alimentos saudables
Coñecemento das seccións dun supermercado e xogo “”
Descrición dos principais nutrientes: proteínas, carbohidratos e graxas,
e clasificación de distintos alimentos por isto.
Escritura da receita” cous-cous de polo con verduras”
Pelado e cortado dos ingredientes
Peso e cálculo de cantidades
Experimentación con diferentes sabores, texturas, cheiros e
temperaturas
Limpeza dos materiais e espazos de traballo empregados

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
ASAMBLEA – toma de contacto	• Participa activamente nas conversas da aula. • Fai achegas coherentes ás conversas en grupo. • Mantén unha actitude de escoita e respecto cara ás demais persoas • Proponlle novas ideas ao grupo. • Participa na planificación dos proxectos desenvolvidos na aula. • Fai propostas de actividades para realizar. • Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula. • É preciso nas súas explicacións • Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.	C C L C A A A I P
BUSCA DE INFORMACIÓN	• Iniciouse no uso do teclado para a codificación • Gusta de facer uso da escrita (convencional ou non) para transmitir información • Percibe diferenzas e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades • Usa frases de construción sinxela • Formula hipóteses sobre o que pode estar escrito en diferentes textos • Comprende a idea central dunha explicación • Formula hipóteses e contrástaas coas das outras persoas antes de pasar á realización • Extrae conclusións. • Gústalle mirar e “ler” libros autonomamente.	C C L C A A C S C A I P C M

	• Fai uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer. • Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula. • Fai uso do ordenador na produción de textos, a través de programas de edición de textos. • Solicita que lle lean para obter información. • Formula hipóteses sobre o que pode estar escrito en diferentes textos. • Asocia producións escritas con significados. • Fai preguntas para coñecer o que está escrito en carteis, revistas... • É quen de inventar e interpretar o que pon un texto deducíndoo da súa finalidade e do contexto.	
TRABALLO COA INFORMACIÓN	• Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas • É quen de solicitar axuda verbalmente cando o precisa • Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais. • Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación para o desenvolvemento de actividades da aula • Solicita que lle lean para obter información • Sabe extraer a idea principal dun texto • Emprega con precisión o vocabulario que posúe. • Reescribe, tendo en cota as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos • Mantén unha actitude de escoita e respecto de cara ás demais persoas	A I P C C L T I C D C A A

	• Utiliza, na medida das súas posibilidades, as ferramenta tecnolóxicas como medios de expresión • É capaz de propoñer variacións pequenas nos xogos. • Identifica os diferentes usos e funcións dos números • Recoñece a funcionalidade dos textos prescritivos (regular a acción para a consecución dalgún obxectivo), como receitas de cociña, regras de xogo.... • Recoñece algunha propiedade significativa dos textos prescritivos (formato, estrutura, modo de lectura...). • É respectuoso e acepta as escrituras das compañeiras e compañeiros que escriben cunha hipótese menos evolucionada. • Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) para transmitir información. • Asocia algúns números coas cantidades que representan • Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico. • Emprega os cuantificadores para resolver problemas matemáticos por estimación (máis que, tanto como, menos que). • Fai uso do número en situacións funcionais e cun valor conceptual como: indicar as cantidades dos ingredientes dunha receita, recoller o número de nenos que asisten a unha excursión, compoñentes dun equipo... • Soluciona autonomamente as necesidades que xorden durante o xogo • É quen de coordinar a súa acción coa das compañeiras e compañeiros, cando o xogo o require	
--	---	--

EXPERIMENTACIÓN	● Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen. ● Gústalle facer encargos e ter responsabilidades. ● Actúa por iniciativa propia. ● Ten iniciativa e intenta executala. ● Amósase espontáneo/a nos seus comportamentos cotiáns ● Organízase de acordo coas súas posibilidades ● Oriéntase ben en espazos exteriores e pouco coñecidos (saídas, excursións...). ● Segue itinerarios óptimos para se desprazar. ● Entende as consignas e ségueas. ● É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade. ● Participa e colabora nas actividades de grupo. ● Amósase ordenado/a nas súas tarefas. ● Esfórzase na realización das tarefas. ● Remata as tarefas e actividades que empeza. ● Emprega expresións convencionais de cortesía para saudar: ola, bos días, boas tardes e boas noites. ● Emprega expresións convencionais de cortesía para despedirse: adeus, ata mañá, ata logo. ● Emprega expresións convencionais de cortesía para agradecer: grazas. ● Emprega expresións convencionais de cortesía para solicitar axuda: por favor. ● É quen de solicitar axuda cando a precisa ● Verbaliza as súas percepcións. ● É capaz de amosar preferencia	C.C.A C.S.C C.A.A

	• Nas saídas, móstrase prudente e evita situacións de perigo Diferenza establecementos comerciais pola súa función e polos produtos que teñen. • Valora os diferentes servizos sociais e comunitarios do seu contorno (mercado, atención sanitaria, medios de transporte...). • Ten superados os estereotipos sexistas referidos a persoas usuarias dalgún servizo comunitario e dos profesionais que alí desenvolven os seu traballo.	
PRODUTO FINAL	• Incorpora ao seu vocabulario palabras novas • É preciso nas súas explicacións • Ten confianza nas súas posibilidades nas tarefas habituais. • Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno. • Come só/a sen ensuciarse. • Comproba a diferente capacidade de recipientes transvasando o seu contido. • Realiza estimacións de medidas de peso (comparando, sopesando, observando...). • Emprega medidas arbitrarias de capacidade (mans, cuncas, botellas...) para resolver situacións problemáticas • Iniciouse no emprego, en situacións significativas, de sistemas de medición convencionais, como regras, termómetros, reloxos, pesas, calendario, etc.	C C L A I P T I C D C A A

	• Identifica os sentidos e os seus órganos como fontes de sensacións para o descubrimento propio e do contorno • Identifica as diferentes sensacións. • Distingue temperaturas: xeadado, frío,morno, quente e moi quente. • Recoñece os catro sabores fundamentais: doce, salgado, amargo e ácido • Recoñece olores agradables e desagradables e diferenza entre forte e suave • Identifica as cores. • Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal ou xestual. • Recoñece as necesidades básicas do corpo. • Recoñece a alimentación necesaria para a vida. • Ten interese por probar novos alimentos. • Soluciona autonomamente as necesidades que xorden na comida. • Amosa interese por descubrir os ingredientes e coñecer a procedencia dos alimentos. • Toma conciencia da necesidade de alimentarse de forma saudable. • Procura manter limpos os espazos. • Identifica obxectos perigosos adoptando as precaucións apropiadas en cada caso • Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen	
--	---	--

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADE	ESCENARIO	AGRUPAM e ESTRUCTURAS	RECURSOS	TEMP.	AVALIACIÓN
ASAMBLEA	Aula	Gran grupo		3 sesións En assemblea	Diario de aula
BUSCA DE INFORMACIÓN	Biblioteca	Equipo cooperativo LÁPICES AO CENTRO PARADA DE 3 MINUTOS	Libros da biblioteca, enciclopedias, recursos en rede, app	3 sesións	Observación
TRABALLO COA INFORMACIÓN	Biblioteca	Pequeno grupo Equipo cooperativo FOLIO XIRATORIO	Libros, folios, papel continuo, ordenador, tablet	3 sesións	Lista de cotexo
EXPERIMENTACIÓN	Aula, biblioteca, patio e supermercado	Equipo cooperativo Individual LÁPICES AO CENTRO e FOLIO XIRATORIO	Folios, lápiz, pictogramas, pegamento, app, xogos, bolsas compra, cartos	5 sesións	Diario de aula
PRODUTO FINAL	Cociña	Individual e equipo cooperativo FOLIO XIRATORIO	utensilios de cociña, ingredientes	2 sesións	Observación directa

4. AVALIACIÓN (RÚBRICA, LISTAXE DE COTEXO...)

LISTA DE COTEXO

ASPECTOS OBSERVABLES	SI	NON
Busca información relativa ao tema a traballar		
Clasifica segundo un criterio establecido		
Expresa ideas e preferencias		
É quen de identificar a información importante		
Selecciona os datos que quere rexistrar		
Identifica as letras das palabras clave traballadas		

REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA

RECURSOS	USO AXEITADO	USO NON AXEITADO	MELLORAS
Ingredientes			
Utensilios de cociña			
Cociña (fogón)			

AVAL. ALUMNAO/A	INICIADO	EN PROCESO	CONSEGUIDO
Está motivado			
Participa			
Presta atención			
Segue as intruccións			
Coida o material			

5. APRENDIZAXE COOPERATIVA

ÁMBITO A	ÁMBITO B	ÁMBITO C
Dinámicas: Tea de araña Grupo nominal Rede de apoio entre compañeir@s	Estruturas: Folio xiratorio Lápicos ao centro Parada de 3 minutos	Plan de Equipo: 1 plan ao inicio da tarefa Diarios de sesión: 2 1 despois da busca de información 1 despois do traballo coa información Revisión do plan: despois da elaboración do produto final

6. IMAXES, DOCUMENTOS AULA, TRABALLO ALUMNADO...





